



Concello de Ribeira de Piquín

DECRETO DA ALCALDÍA

En Ribeira de Piquín, a 6 de xuño de 2024.

Asunto: Lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso selectivo para a creación dunha bolsa de emprego para o posto de Auxiliar de axuda no fogar.

DON ROBERTO FERNÁNDEZ RICO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA DE PIQUÍN (LUGO).

De conformidade co expediente de constitución dunha bolsa de emprego de auxiliares de axuda no fogar, para posibles substitucións do persoal contratado por incapacidade laboral temporal, vacacións, acumulación de tarefas e outras causas sobrevidas, mediante o sistema de concurso-oposición regulado nas Bases aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2024-0165, de data 28 de maio de 2024 e publicadas no taboleiro de anuncios e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 125, do 31 de maio de 2024.

Analizadas as solicitudes presentadas, e tendo en conta que cumpren cos requisitos de ter presentada a documentación xeral esixida nas bases, polo que non procede requirir a subsanación de ningún defecto. Tendo en conta a competencia que me atribúe o artigo 21.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos do devandito proceso selectivo, cos/ás seguintes aspirantes:

APELIDOS E NOME	DNI	ACREDITACIÓN DO IDIOMA GALEGO
Gayoso Lourido, Celia	***6890**	Sí

SEGUNDO.- Proceder a nomear os seguintes empregados/as públicos como membros do Tribunal de selección de persoal:

Presidenta: Dna. M^a Carmen Carricajo Alavés, Traballadora Social do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Vogais:

Dna. Sandra Teijeira López, Administradora do Obradoiro de Emprego O Castro IX do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Andrea Pasarín Marey, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Dna. Pilar Tella Mazoy, Administrativa do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).

Secretario: D. Juan Hernando Rosa Ruíz, Secretario-Interventor acumulado do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo).





Concello de Ribeira de Piquín

Igualmente, proceder a convocar ao citado Tribunal para o día 11 de xuño de 2024, ás 09:00 horas no salón de plenos da casa consistorial de Ribeira de Piquín, aos efectos da realización da fase de concurso.

TERCEIRO.- Convocar aos aspirantes do citado proceso selectivo para a realización dos exercicios da fase de oposición, ás 09:30 horas do día 11 de xuño de 2024.

CUARTO.- Dar conta da presente resolución ao Pleno na próxima sesión ordinaria que se celebre.

Mándao e asíno o Sr. Alcalde-presidente, D. Roberto Fernández Rico, en Ribeira de Piquín a 6 de xuño de 2024.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

